

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA NECESIDADE DE ABOAR A SEGUNDA LIQUIDACIÓN DE 2024, CORRESPONDENTE Á SEGUNDA METADE DO CURSO ESCOLAR 2023/24, RÉXIME DE COFINANCIAMENTO PARA AS ESCOLAS INFANTÍS XESTIONADAS A TRAVÉS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.”

Visto o expediente tramitado para modificar o plan de investimentos dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, que leva asociada unha transferencia de crédito núm.: 49-2024, por un importe total de 2.126,65 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivadas da necesidade de aboar a cantidade total 57.750€ da segunda liquidación de 2024, practicada consonte ao disposto no anexo I da lei 2/2017, correspondente á segunda metade do curso escolar 2023/24, Réxime de cofinanciamento para as ESCOLAS INFANTÍS xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.”

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, en concreto o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1391/2024, do 01.10.2024 así como os RCMOD Ref.: 65396/2024, por importe de 1.699,00 € e Ref.: 65397/2024 por importe de 427,65 €, do 01.10.2024.

Tendo en conta que se ván advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiciadores e magnitudes económico-financieiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro.

Neste caso, na providencia que inicia o expediente sinálase que se debe considerar que se trata de aplicacións pertencentes ao mesmo programa (Promoción educativa) e ademais trátase de dar cobertura ás liquidacións do sistema de cofinanciamento para escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que é un gasto obrigatorio, polo que se estima procedente a modificación.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de

Intervención

LVP/lrb

Refª: ispac9142218814702193474.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 49-2024 ESCOLAS INFANTÍS

execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 2.126,65 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
32605.21200 32605.21300	1.699,00 € 427,65 €	32600.46700	2.126,65 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	2.126,65 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	2.126,65 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.